

ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **16 de febreiro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación se procede da acta correspondente á sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2016 (acta núm. 12/16).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM e do plan especial do Campus Universitario (PE-8) no ámbito do equipamento universitario EU-2. Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola.**
- 4. Aprobación definitiva da modificación puntual do plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos.**
- 5. Proposta da Alcaldía de adhesión do Concello de Santiago á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento do Camiño Inglés e aprobación dos estatutos para a constitución e funcionamento da mesma.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre adopción de medidas para evitar os perigos e molestias das propiedades urbanas abandonadas.**
- 7. Proposición do grupo municipal Socialista, relativa ao proxecto de execución da variante de Aradas.**
- 8. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para instalar pasos de peóns intelixentes que incrementen a seguridade.**
- 9. Proposición do grupo municipal do BNG, relativa á conversión da vella terminal de Lavacolla nun espazo de utilidade de uso público.**
- 10. Dar conta de Sentenza 590/2016 (PO 8/16).**

11. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas.

12. Solicitude do grupo municipal do Partido Popular de comparecencia do concelleiro de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade.

13. Comparecencia do Alcalde, acordada na sesión plenaria ordinaria do día 19 de xaneiro de 2017.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2016 (ACTA NÚM. 12/16).

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes aproba a acta correspondente á sesión plenaria ordinaria do día 21 de xullo de 2016, núm. 12.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM E DO PLAN ESPECIAL DO CAMPUS UNIVERSITARIO (PE-8) NO ÁMBITO DO EQUIPAMENTO UNIVERSITARIO EU-2. GRUPO DE VIVENDAS DE SAN IGNACIO DE LOYOLA.

Con data 6 de febreiro de 2017, a xefa de sección de xestión urbanística emitiu en relación ao presente asunto o seguinte informe que trae o conforme do Secretario Xeral do Pleno:

“1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa disposición transitoria 9ª, amplía o ámbito de ordenación do Plan especial do Campus Universitario (PE-8), engadindo, entre outras, unha peza sita na beira sur da avenida Mestre Mateo, limítrofe co ámbito do Plan parcial do SUP-5 (Choupana) e do Hospital Clínico Universitario (PE-9).

A peza sinalada, ocupada en parte polo grupo de vivendas de Santiago de Loyola, cualifícase polo PXOM como parte do sistema xeral de equipamento universitario EU-2, e adscríbese, para a súa obtención, ao desenvolvemento urbanístico do polígono de solo urbano non consolidado P-22 (Burgo das Nacións-Universidade). As condicións para o desenvolvemento deste polígono defínense na ficha correspondente do artigo 150 da normativa do PXOM.

En desenvolvemento das determinacións do PXOM, tramitouse un procedemento de Revisión e adaptación do Plan especial do Campus Universitario (PE-8), que resultou definitivamente aprobado polo Pleno Municipal con data 1 de outubro de 2010. Neste documento, os terreos aos que afecta a presente Modificación foron cualificados como zona de edificación universitaria (ZEU-34), destinada á execución da nova Facultade de Medicina.

2. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

A Modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto principal de excluír do ámbito do sistema xeral de equipamento universitario EU-2 a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (*Banco do Pobre*) -referencia catastral 5666901NH3456F- a resultas dunha encomenda efectuada pola Concellería delegada da Área mediante Providencia asinada o día 16 de abril de 2015.

Na dita providencia poñíase de manifesto a falta de execución do polígono 22, e os inconvenientes que isto supoñía para os ocupantes das vivendas de San Ignacio de Loyola, avaliándose a conveniencia de eliminar a afección urbanística derivada da súa cualificación como sistema xeral de equipamento universitario.

No documento ambiental estratéxico elaborado pola arquitecta municipal analízanse os efectos que se derivarían das distintas alternativas de ordenación, resultando deste análise a selección da alternativa que mantén as vivendas existentes, pero sen renunciar á implantación dun equipamento universitario na parcela non edificada.

De acordo coa dita análise, a Modificación proposta vén xustificada por varios motivos:

1. O cambio nas previsións da USC respecto do novo emprazamento da Facultade de Medicina, que se prevé emprazar noutra zona, no contorno do Hospital Clínico.
2. O interese na conservación das edificacións existentes, cuxo estado de deterioro se ve agravado pola súa actual incursión na situación máis estrita de fóra de ordenación (que só habilita obras de conservación e mantemento), e pola ausencia dunha previsión de desenvolvemento do polígono 22 ao que figuran adscritas.

3. A necesidade de manter a proporción de solo de sistema xeral adscrito ao polígono 22, a fin de non alterar o equilibrio de beneficios e cargas do vixente Plan xeral. Para este efecto, propónse adscribir ao polígono 22, ademais da parcela que se mantén como equipamento universitario (EU-2), concretos terreos do sistema xeral PU-20 (Parque das Hortas). Os terreos do Parque das Hortas que se propón adscribir agora ao P-22 foron adscritos polo PXOM vixente aos polígonos 11 e 42, pero o Concello está obrigado a revisar a ordenación destes polígonos en execución das sentenzas firmes que anularon parcialmente as determinacións do PXOM nos citados ámbitos.

3. CONTIDO DA MODIFICACIÓN

Como xa se indicou antes, o obxecto principal da Modificación é excluír da reserva de sistema xeral de equipamento universitario (EU-2) a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (5666901NH3456F), sita na beira sur da avenida de Mestre Mateo, que pasa a integrarse na ordenanza 9 A do Plan xeral.

A parcela non edificada (catastral 5666902NH3456F) mantén a súa cualificación como sistema xeral de equipamento universitario (EU-2), definíndose no documento as condicións específicas para a súa edificación e urbanización.

Consecuentemente co anterior, axústase a delimitación do ámbito do Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8), cuxo linde queda agora definido pola avenida de Mestre Mateo, o que supón deixar sen efecto as previsións do precitado Plan especial para a peza agora excluída do seu ámbito de ordenación (ZEU-34)

A nova delimitación do sistema xeral EU-2 obriga tamén a revisar a concreción dos sistemas xerais adscritos ao polígono 22, co resultado que deseguido se indica:

- 4.278 m² no Campus Sur (EU-2)
- 3.500 m² no Parque das Hortas (PU-20)

No proxecto inclúese a correspondente ficha modificada do P-22 -que substituirá á do vixente artigo 150 do PXOM-, así como os planos de xestión modificados (23D e 28B)

A adscripción do sistema xeral PU-20 trae causa das sentenzas que anulaban parcialmente as determinacións do vixente Plan xeral no ámbito dos polígonos 11 (Castiñeiriño) e 42 (Cruceiro da Coruña), aos que se adscribira parte do citado sistema xeral. Deste xeito, mantense a superficie de solo de sistema xeral adscrita polo PXOM vixente ao polígono 22, ao mesmo tempo que se desvincula a obtención do PU-20 dos polígonos -11 e 42- afectados por sentenza anulatoria.

Cómpre advertir que o Concello haberá de revisar a ordenación dos polígonos 11 e 42 a través dun procedemento de modificación que haberá de iniciarse a tal fin, en execución das sentenzas ditadas. Porén, a través da presente Modificación o único cambio que se introduce na ordenación dos polígonos 11 e 42 límitase a eliminar a adscrición do sistema xeral PU-20 aos citados ámbitos, sen prexuízo de que na futura ordenación dos polígonos poida efectuarse, se procede, nova adscrición de solo de sistema xeral.

4. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Por resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 31 de xullo de 2015 formulouse o preceptivo Informe ambiental estratéxico e resolveuse non someter a Modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (expediente 2015AAE1802)

O Pleno Municipal, mediante acordo adoptado o 28 de abril de 2016, aprobou inicialmente a Modificación, publicándose os preceptivos anuncios de información pública no Diario Oficial de Galicia do día 27 de xuño de 2016 e no xornal La Voz de Galicia do 21 de xuño de 2016. Así mesmo, notificouse persoalmente aos propietarios afectados e publicouse edicto de notificación no Boletín Oficial do Estado do 3 de xuño de 2016.

Remitido o expediente á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, esta advertiu, con data 26 de xullo de 2016, que o informe ambiental estratéxico foi adoptado sen sometelo ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo -trámite agora esixido polo artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)-, polo que considera preciso que a modificación se tramite *na súa integridade* co cumprimento de todos os trámites esixidos polo artigo 60 da LSG.

Para dar cumprimento ao requirido procedeuse a remitir de novo ao órgano ambiental a documentación precisa para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante resolución do 14 de decembro de 2016 -publicada no DOG o día 5 de xaneiro de 2017- formulou o Informe ambiental estratéxico, e resolveu non someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria. Coa dita resolución deuse traslado das consultas realizadas aos seguintes órganos:

- Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que sinala a necesidade de incorporar ao proxecto de modificación que se redacte diversa documentación e determinacións.

No documento que se somete a aprobación figuran incorporadas as cuestións sinaladas

- Servizo da Planificación da Paisaxe, que reitera o informe que xa fora emitido en xullo de 2015, e que foi xa analizado no acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 28 de abril de 2016, como deseguido se indica:

Sobre esta cuestión, é preciso ter en conta que o DAE xa considerou as vantaxes e inconvenientes asociados a cada unha das alternativas posibles, e que finalmente optou pola selección da alternativa 3, por canto mantén a reserva dun equipamento vinculado á Universidade ou ao Hospital Universitario, cuxa edificación leva aparelladas actuacións de mellora na urbanización existente, o que favorecería a futura integración do grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola. Tamén se ponderou que a cualificación da parcela como zona verde obrigaría á administración á súa expropiación, mentres que a solución proposta na Modificación permite a obtención dun equipamento de sistema xeral mediante adscrición ao futuro desenvolvemento urbanístico do polígono 22.

- Informe da Dirección xeral do Patrimonio Cultural, que suxire a posibilidade de incorporar as vivendas de San Ignacio de Loyola ao catálogo do PXOM, e de aprobar un plan de rehabilitación e mellora do barrio na procura da súa recuperación e posta en valor.

A Modificación propón aplicar ás edificacións existentes o réxime da ordenanza 9ª, por ser este o previsto polo PXOM vixente para este tipo de actuacións unitarias residenciais existentes, sen incorporación ao Catálogo. Cuestión distinta é unha futura revisión do Catálogo, que podería estudar a incorporación destes conxuntos residenciais.

5. TRAMITACIÓN

A Modificación proposta haberá de tramitarse a través do procedemento de aprobación do planeamento xeral regulado polo artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), correspondendo ao Pleno Municipal a competencia para a adopción dos distintos acordos (123.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), incluído o de aprobación definitiva que se atribúe ao Concello polo artigo 61 da LSG.

Como xa se indicou antes, o Pleno Municipal adoptou acordo de aprobación inicial con data 28 de abril de 2016, pero a fin de dar cumprimento ao esixido polo artigo 60.4 da LSG -que esixe a consulta do órgano competente en materia de urbanismo antes do Informe ambiental estratéxico-, foi preciso reiniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, o que supón, de facto, retrotraer o procedemento á fase de elaboración do plan, previa á adopción do acordo de aprobación inicial.

Polo exposto, e existindo unha nova resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 14 de decembro de 2016, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico, procede dar cumprimento aos trámites esixidos polo artigo 60.6 da LSG, que supoñen un novo pronunciamento do Pleno Municipal sobre a aprobación inicial do planeamento e a apertura dun novo trámite de información pública.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 (Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola), segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en febreiro de 2017.

Segundo. Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.
- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 14 de decembro de 2015, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei

reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Xa que logo, visto o informe transcrito e máis o ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á súa sesión ordinaria do día 9 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta, esixido polo artigo 123.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 (Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola), segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en febreiro de 2017.

Segundo: Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluirá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.
- A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 14 de decembro de 2015, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro: En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO NÚMERO 25 (SUNP-25). ROXOS.

Non se trata este punto, é retirado da sesión.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO CAMIÑO INGLÉS E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESMA.

A proposta da alcaldía en relación ao presente asunto, e de data 2 de febreiro do corrente ano, e ten o seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O Concello de Santiago ten a intención de formar parte dunha asociación de municipios para a promoción do desenvolvemento do turismo no Camiño Inglés de Santiago xunto cos municipios de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Ferrol e A Coruña.

2.-A Disposición Adicional 5ª da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local recolle:

“1. As entidades locais poden constituir asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, as que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nel, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

2.As entidades locais rexiranse polos seus estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, os cales deberán garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno Do mesmo xeito, sinalarase nos estatutos a periodicidade coa que terán que celebrarse as Asembleas Xerais Ordinarias, no caso de que dita periodicidade sexa superior á prevista, con carácter xeral, no artigo 11.3 da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

3. Ditas asociacións, no ámbito propio das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas Administracións Públicas. Do mesmo xeito, de conformidade co establecido no artigo 12.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán actuar como entidades colaboradoras da Administración na xestión das subvencións da que poidan ser beneficiarias as Entidades Locais e ps seus organismos dependentes.

As asociacións de Entidades Locais poderán adherirse ao sistema de contratación centralizada estatal regulado no artigo 206 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, nos mesmos termos que as Entidades Locais.

Conforme ao previsto no artigo 203 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, estas asociacións poderán crear centrais de contratación. As Entidades Locais a elas asociadas, poderán adherirse a ditas centrais para aqueles servizos, subministros e obras cuxa contratación se efectuar por aquelas, de acordo coas normas previstas nese Texto Refundido, para a preparación e adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

4.As asociacións de Entidades Locais de ámbito estatal con maior implantación en todo o territorio ostentarán a representación institucional da Administración Local nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado.”

3.- Hai que ter en conta a normativa estatal recollida na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, que no seu artigo 2.1 reconece o dereito de todas as persoas-físicas e xurídicas- a asociarse para a consecución dos seus fins.

4.- Con data 19/10/2015, e en relación coa petición formulada pola Alcaldía do Concello de Carral sobre a forma de constitución de un ente intermunicipal para a promoción e protección do Camiño Inglés, o letrado adxunto da Deputación Provincial da Coruña, D. Manuel M. Pérez Queiro co visto e conforme do letrado-asesor xurídico D. Ramón Valentín López Rey, emite informe no que conclúe que “ (...) *Esta Asesoría Jurídica entende que el instrumento más adecuado para la consecución de los fines perseguidos es la constitución de una asociación al amparo de la LODA*” (Anexo II).

5.- Segundo o artigo 1º da proposta de Estatutos presentada para a súa aprobación (anexo I), constituirase nunha asociación sen ánimo de lucro, coa denominación “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”(en diante Asociación); terá sede rotatoria entre os concellos membros, emprazada no municipio no que o seu alcalde ocupe a presidencia (artigo 2º) ; exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña (artigo 3º); e constituirase por tempo indefinido (artigo 4º).

6.-O artigo 6º Capítulo II, “Dos Asociados” recolle que, poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. *O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes Estatutos.*

7.- Dentro dos fins principais da Asociación atópase entre outros, o de promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés (artigo 8º).

8.- Son órganos de goberno da asociación a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva (artigo 11º). A Asemblea Xeral é o órgano soberano e está formada por todos os/as representantes das Corporacións asociadas (artigo 12º).

9.- O artigo 8º b) recolle entre as obrigas dos socios da asociación, pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse. As cotas ordinarias de carácter anual serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral (artigo 24º).

10.- O pago da primeira cota ordinaria do Concello de Santiago de Compostela, cuxa contía será determinada pola Asemblea Xeral, correspondente ao ano 2017 quedará diferido ao primeiro trimestre do ano 2018.

11.- Con data 20/01/2017 a Secretaría Xeral do Concello de Santiago emite informe polo que estima favorablemente a adhesión á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago e a aprobación da proposta de Estatutos para a constitución e funcionamento da mesma (Anexo III).

En base ao exposto con anterioridade, tendo en conta o disposto nas Leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia mais o establecido no artigo 47.2.g) LBRL, propónse para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela, de adherirse a Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago, xunto cos Concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Ferrol e A Coruña.

2.- Aprobar a proposta de Estatutos (Anexo I), para a constitución e funcionamento da devandita Asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á asemblea que os aprobe definitivamente.

3.-Designar ao Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, D. Martiño Noriega Sánchez, como representante titular da Corporación na devandita Asemblea e na

constitución da futura Asociación e a Marta Lois González concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, como suplente.”

O devandito asunto foi informado pola Secretaría Xeral do Pleno con data 20 de xaneiro de 2017, e deuse conta na Xunta de Goberno o día 27 de xaneiro seguinte.

Rematado o debate, no que se recollen as recomendacións efectuadas a solicitude de Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, tal como se reflicten na transcripción do debate, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión ordinaria do día 9 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

PRIMEIRO: Adherirse á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago, xunto cos Concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Ferrol e A Coruña.

SEGUNDO: Aprobar os Estatutos, para a constitución e funcionamento da devandita Asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á asemblea que os aprobe definitivamente.

O texto dos mesmos, é o seguinte:

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”.

2.- A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

1.A asociación terá sede rotatoria entre os concellos membros. Estará emprazada no municipio no que o seu alcalde ocupe a presidencia.

2. No momento de constitución o domicilio principal da asociación radicará na localidade de Carral, na Casa da Cultura, rúa de Paleo, nº 17, C.P. 15175, provincia da Coruña e teléfono 981672580.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

a. Terá un carácter non lucrativo.

b.Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

c.Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

d.O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.

e.Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

f.Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.

g.Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.

b.Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.

c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.

d.Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

e.Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.

f.Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentado e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.

g.Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

h.Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.

i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.

j. Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.

k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.

l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.

b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.

c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.

d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.

e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.

f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.

g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.

h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.

4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.

b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.

c. Participar nas áreas da asociación.

d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.

e. Ter coñecemento da execución do orzamento.

f. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.

b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.

c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.

b.Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.

c.Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.

d.Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.

2.A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.

3.Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

Asemblea xeral onde están representados todos os socios.

Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.

Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.

Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirase con carácter extraordinario tantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta directiva a persoa que ostente a xerencia da Oficina Técnica de Xestión podendo o presidente auxiliarse, cando a xerencia corresponda a persoa distinta e se o considera necesario polo secretario xeral do concello que preside ou técnico en quen delegue.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensivo dos asuntos para tratar, debéndose incluír naquel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a.Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b.Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c.Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d.Modificación de estatutos
- e.Destitución do presidente
- f.Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.

- b. Por perda da condición de membro da asociación.
- c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación.
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Capítulo IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Título V art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión, dependerá directamente da xerencia, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, e establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos dá emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.

- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:

- a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
- c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
- d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:

Ata 5.000 habitantes.

De 5.001 a 10.000 habitantes.

De 10.001 a 30.000 habitantes.

De 30.001 a 50.000 habitantes.

De 50.001 a 100.000 habitantes.

Máis de 100.000 habitantes.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará cada ano o día 31 de decembro de dada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico

coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

TÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

TÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26º.-

O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- a.Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
- b.Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
- c.Por resolución xudicial e firme

Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1ª. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

TERCEIRO: Designar ao Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, D. Martiño Noriega Sánchez, como representante titular da Corporación na devandita Asemblea e na constitución da futura Asociación e a Marta Lois González concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, como suplente.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR OS PERIGOS E MOLESTIAS DAS PROPIEDADES URBANAS ABANDONADAS.

Presentouse con data 31 de xaneiro de 2017, e número de rexistro 41, a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na cidade existen inmobles que, ben polo seu estado de ruína e abandono ou ben por atoparse inacabados e sen continuidade nos seus traballos de edificación, por mor da quebra das empresas construtoras, xeran problemas para a veciñanza.

A situación destes inmobles fai que en ocasións sexan ocupados, de forma estable ou transitoria, por persoas que sen dispoñer dos servizos básicos fan un uso inadecuado, con actividades de risco para elas mesmas e para o resto da cidadanía. Riscos de incendio, problemas de salubridade, inseguridade polo estado das construcións... unha ampla problemática que en maior ou menor medidas está presente neste tipo de edificios ocupados. Tamén resultan atractivos para nenos e nenas, e a mocidade en xeral, que polas facilidades de acceso se expoñen a situacións que poden resultar perigosas.

Existen varios casos constatados nos últimos tempos: nos Roláns, no Paxonal ou na Divina Pastora, por poñer algúns exemplos notorios, posto que neles se teñen producido e mesmo reiterado incidentes que fixeron necesaria a intervención dos servizos públicos e causaron -e seguen a causar- a natural alarma e preocupación entre a veciñanza máis próxima.

A lexislación sectorial, comezando polo Código Civil e con especial detalle tamén en diversas normas urbanísticas, fixa unhas obrigas das persoas propietarias e prevé que os concellos actúen nestas situacións. Primeiro, requirindo aos donos e chegando mesmo á execución subsidiaria nalgúns casos.

A maiores do indicado no PXOM de Santiago para os edificios declarados en ruína (artigo 45), as normas urbanísticas que facultan á Administración para resolver estas situación atopámolas tanto na normativa estatal, como na autonómica. A este respecto resulta ilustrativos os artigos 20.e, 135.1.c., 136.1.a seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, onde se detallan amplamente os deberes dos propietarios en relación coa conservación e o mantemento das condicións de seguridade,

salubridade, accesibilidade e ornato; e tamén se recollen as ordes de execución que, de oficio ou a instancia de parte, deberán levar a cabo os concellos para asegurar o cumprimento deses deberes.

En definitiva, existe unha obriga non só por parte da propiedade, senón tamén por parte da Administración, e nomeadamente do Concello, para garantir, entre outras, a seguridade e salubridade nas edificacións.

En paralelo con esta medida, e para os casos nos que se constaten ocupacións permanentes, o Concello debería, como medida prioritaria e previa a calquera outra, tratar de solucionar a situación das persoas acollidas, a través dos servizos e das medidas de acción social que sexan necesarias.

Deste xeito daríase cumprida resposta, tanto aos dereitos das persoas que ocupan propiedades alleas, dos lexítimos propietarios, da veciñanza máis próxima e da cidadanía no seu conxunto.

Consonte con todo o anterior, o Grupo Popular achega para o seu debate e aprobación se procede no Pleno Municipal o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Realizar un inventario dos inmobles abandonados ou sen rematar no termo municipal que, polo seu estado e pola facilidade de acceso, supoñan un perigo real ou potencial para a veciñanza.
2. Conforme ao inventario anterior, ou atendendo ás queixas recibidas ou detectadas, se marquen as prioridades e proceda a reclamar ás persoas propietarias os arranxos ou medidas que se consideren pertinentes.
3. No caso de que, no prazo establecido, non se responda aos requirimentos, o Concello actuará subsidiariamente para garantir a seguridade e a salubridade dos inmobles, valorando se procede a súa declaración como edificio en situación de ruína e a súa inclusión no Rexistro Municipal de Soares e Edificacións que cómpre rehabilitar, conforme á ordenanza reguladora vixente.
4. Cando se detecten ocupacións temporais ou permanentes de persoas alleas á propiedade, deberá abordarse de forma conxunta por parte dos servizos sociais do Concello a procura dunha solución que faga compatible os dereitos básicos dos

circunstanciais habitantes coa restitución da seguridade e da lexitimidade do propio edificio.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, acorda:

a) Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, realizar un inventario dos inmobles abandonados ou sen rematar no termo municipal que, polo seu estado e pola facilidade de acceso, supoñan un perigo real ou potencial para a veciñanza.

Conforme ao inventario anterior, ou atendendo ás queixas recibidas ou detectadas, se marquen as prioridades e proceda a reclamar ás persoas propietarias os arranxos ou medidas que se consideren pertinentes.

b) Por 20 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, Compostela Aberta e BNG (9 PP, 9 CA e 2 BNG) e 3 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal Socialista, en caso de que, no prazo establecido, non se responda aos requirimentos, o Concello actuará subsidiariamente para garantir a seguridade e a salubridade dos inmobles, valorando se procede a súa declaración como edificio en situación de ruína e a súa inclusión no Rexistro Municipal de Soares e Edificacións que cómpre rehabilitar, conforme á ordenanza reguladora vixente.

c) Por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 14 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), cando se detecten ocupacións temporais ou permanentes de persoas alleas á propiedade, deberá abordarse de forma conxunta por parte dos servizos sociais do Concello a procura dunha solución que faga compatible os dereitos básicos dos circunstanciais habitantes coa restitución da seguridade e da lexitimidade do propio edificio.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA VARIANTE DE ARADAS.

O texto da proposición do grupo municipal Socialista, con rexistro de entrada do día 6 de febreiro de corrente ano, núm. 45, ten o seguinte contido:

“Unha das infraestruturas claves para o desenvolvemento da nosa cidade é, sen dúbida, a execución do proxecto “Variante de Aradas”. Este proxecto está integrado no plan denominado Plan sectorial da rede viaria de Santiago de Compostela, Ames e Teo, como plan sectorial de incidencia supramunicipal, aos efectos previstos na lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Cun orzamento de 6,3 millóns de euros e unha lonxitude de, aproximadamente, 1,6 quilómetros, esta variante que comunicará o polígono do Tambre coas estradas de Santiago-Santa Comba e Santiago-Trazo, suporá un gran alivio no tráfico pesado do centro da nosa cidade, canalizando os tráfico de Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo e Trazo, que se dirixan ao Polígono Industrial do Tambre ou á rede de estradas de alta capacidade situada ao este da cidade e que, agora mesmo, teñen que circular polo centro urbano, é dicir polos barrios de Vite (Avda. Castelao), San Caetano ou Vista Alegre.

Este proxecto atópase na actualidade en licitación e ten unha lonxitude de 1.540 metros, ao que hai que engadir as rotondas de enlace nos extremos e as adaptacións dos viarios aos que se conecta (estrada Santa Comba e Vía de Marconi). Na licitación publicada non se engadiu a execución da rede de abastecemento de auga, “grafiada” (ou sexa, previsto) no proxecto orixinal, mais non orzamentado, e, polo tanto, non incluído na licitación. Esta obra, moi reclamada pola veciñanza, e por anteriores gobernos progresistas, suporía un custo máximo de 280.000 euros (o que supón o 4,4% do total), e melloraría considerablemente o servizo de abastecemento actual.

O tramo de Barciela ata A Peregrina ten a día de hoxe problemas de caudal e de presión de auga, xa que a rede da avenida Castelao só chega con suficiente forza ata o Romaño, ademais de ser as primeiras zonas en deixar de recibir o subministro cando se produce unha rotura (cada vez con máis frecuencia). O peche da rede municipal a través da variante permitiría o anelamento da zona noroeste do casco urbano posibilitando o desenvolvemento dos solos urbanos de estas zonas por parte da veciñanza que na actualidade carece dunha subministración coa suficiente garantía e calidade de servizo. Ademais de permitir manter o subministro no caso de roturas no entorno dos barrios de Vite e Vista Alegre.

Coa licitación do proxecto da variante de Aradas, ábrese, por tanto, a posibilidade de levar a cabo as obras da rede de abastecemento nese tramo de 1.540 metros da nova estrada que discorre entre as dúas rotondas. Dita actuación está prevista e completaría a que si está orzamentada na licitación, isto é a reposición de dúas canalizacións xusto na zona das rotondas, unha de 35 metros e outras duns 135. Polo tanto, só restarían uns 1.350 metros para executar ao mesmo tempo que as obras da estrada.

O Grupo Municipal Socialista entende que de incluírse esta rede na execución da variante resolveríase o problema de presión de auga que manifestan insistentemente desde hai tempo os veciños e “estaríamos a facer cidade”, xa que a inclusión abarataría os custes da intervención por se realizar ao mesmo tempo que a principal, reducindo as molestias.

De executarse máis adiante suporá un problema engadido ao tráfico e á veciñanza, ademais de ter que ser asumida polo orzamento do Concello, obrigado a solicitar os permisos correspondentes á administración titular da estrada.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

De acordo coa demanda da veciñanza dese ámbito de actuación que o Concello en Pleno solicite á Xunta de Galicia, a inclusión e execución da totalidade da rede de abastecemento de auga no proxecto de construción da obra variante de Aradas en Santiago de Compostela, incorporándose, se é posible, á xestión económica do expediente da obra.”

Á proposición transcrita, presenta emenda de substitución o grupo municipal do Partido Popular con data 13 de febreiro do corrente ano, núm. 69, coa seguinte parte resolutiva:

“O Pleno Municipal, de acordo coa demanda da veciñanza do ámbito de actuación da variante de Aradas, insta ao correspondente órgano do concello a:

1. Redactar o proxecto de mellora da rede de abastecemento para a zona noroeste do núcleo urbano aproveitando o trazado da variante de Aradas, obra en proceso de licitación pola Xunta de Galicia que ten data límite para a presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2017.
2. Instar á Xunta de Galicia, coa máxima urxencia, para que na execución do proxecto da variante de Aradas se garanta a previsión necesaria para incluír a rede de abastecemento pola marxe desta nova vía e a que colabore economicamente na execución desta mellora de abastecemento.”

Rematado o debate, e tras a aceptación da emenda transcrita, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano de goberno do Concello a:

1. Redactar o proxecto de mellora da rede de abastecemento para a zona noroeste do núcleo urbano aproveitando o trazado da variante de Aradas, obra en proceso de licitación pola Xunta de Galicia.
2. Instar á Xunta de Galicia, coa máxima urxencia, para que na execución do proxecto da variante de Aradas se garanta a previsión necesaria para incluír a rede de

abastecemento pola marxe desta nova vía e a que colabore economicamente na execución desta mellora de abastecemento.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTALAR PASOS DE PEÓNS INTELIXENTES QUE INCREMENTEN A SEGURIDADE.

O texto da proposición presentada con data 7 de febreiro de 2017 e número de rexistro 46, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sucesión de atropelos rexistrados no pasado mes de xaneiro en distintos puntos da cidade volveron a poñer de relevo a necesidade de abordar medidas rápidas e eficaces para tratar de evitar na medida do posible este tipo de accidentes.

Na sesión plenaria do pasado mes de outubro, a través de dúas iniciativas presentadas polos grupos socialista e nacionalista, o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade a elaboración dunha planificación para a mellora da seguridade viaria e peonil no conxunto do Concello e, de forma especial, na contorna dos centros de ensino, coa consignación orzamentaria correspondente.

Como complemento desta medida de carácter xeral, o Grupo Municipal do Partido Popular propón unha actuación concreta que consideramos de doada adopción e custo asumible para potenciar a seguridade no contorno dos pasos de peóns. Unha actuación que podería ser aplicable xa en determinados puntos considerados especialmente “sensibles” (por exemplo, aqueles onde se teñan rexistrado accidentes ou cun elevado tránsito), sempre e cando a necesidade e situación deses pasos non se vexa cuestionada por razóns técnicas que aconsellen o seu traslado, como é lóxico.

Trátase de incorporar en determinados pasos, como unha experiencia piloto susceptible de estenderse a outras zonas, unha iluminación intelixente que combine a iluminación cenital con sinalización horizontal e vertical, todo iso con tecnoloxía led de moi baixo mantemento e longa duración.

No ámbito local temos unha experiencia moi semellante que se fraguou a finais do pasado mandato a través dun convenio coa empresa concesionaria do servizo municipal para a Avenida Xoán XXIII, coincidindo coa renovación integral da iluminación desta vía. Dentro desa mellora de prestacións e de eficiencia enerxética, instalouse un sistema

de iluminación intelixente en pasos de cebra para reforzar especialmente a seguridade nocturna.

Mediante este sistema, o nivel de iluminación habitual incorpora unha luz a maiores a través dun proxector con sensor presencial que se activa cando as persoas se aproximan para cruzar. Esa maior intensidade de luz mellora tanto as condicións de visibilidade dos peóns como as dos condutores que son advertidos da presenza do viandante.

O mesmo sistema podería aplicarse en varios puntos da cidade onde se ten comprobado un alto risco pola súa situación ou onde existe unha clara deficiencia de iluminación viaria, como no caso do cruce da Avenida RomeroDonallo coas rúas Frei Rosendo Salvado e García Prieto. Como suplemento cabería incorporar bandas horizontais e sinais verticais luminosas que avisen da existencia dos pasos de peóns que se activarían tamén mediante sensor presencial.

Estes pasos de peóns intelixentes dotados de tecnoloxía led, evitarían os resaltes na calzada e serían de gran utilidade sobre todo nas noites, pero tamén ao longo do día, ao activar un tipo de sinais de gran visibilidade para as persoas que conducen, combinando a eficacia para a seguridade coa eficiencia enerxética.

En definitiva, consideramos que se trata dunha medida de moi doada aplicación, cun custo de instalación e mantemento perfectamente asumible, e que pode ser moi positiva para, na compañía da mellora das infraestruturas, a planificación da localización dos pasos e unha maior concienciación e precaución de condutores e peóns, incidir nunha drástica redución dos atropelos na cidade.

Por conseguinte, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a incorporar, no prazo máis breve posible e como un proxecto piloto en puntos considerados “sensibles”, un sistema intelixente para dispoñer un maior fluxo luminoso sobre os pasos de peóns, combinado con bandas horizontais e sinais verticais luminosas que se activen ante a proximidade das persoas para cruzar a rúa.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda incorporar, no prazo máis breve posible e como un proxecto piloto en puntos considerados “sensibles”, un sistema intelixente para dispoñer un maior fluxo luminoso sobre os pasos de peóns, combinado

con bandas horizontais e sinais verticais luminosas que se activen ante a proximidade das persoas para cruzar a rúa.

Unha vez rematado a votación deste punto e antes do seguinte da orde do día, ten lugar a intervención do representante da Asociación de Marchas pola Dignidade.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á CONVERSIÓN DA VELLA TERMINAL DE LAVACOLLA NUN ESPAZO DE UTILIDADE DE USO PÚBLICO.

O contido da proposición do epígrafe, presentada con data 7 de febreiro de 2017, número de rexistro 47, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno, para a conversión da vella terminal de Lavacolla nun espazo de utilidade de uso público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vella terminal do aeroporto de Lavacolla pechaba en outubro do 2011. O BNG sempre insistiu en que era necesario pensar e debater sobre os seus futuros usos. Dende o peche baralláronse diversas ideas: parque tecnolóxico, un centro de peregrinos, centro de formación aeronáutica, etc. Propostas que nunca foron avaladas con estudos serios, pero pasados os anos nada se sabe do concurso público aberto polo xestor aeroportuario: AENA.

Estamos a falar dun edificio rematado de construír en 1969, con posteriores ampliacións en 1976, 1982 e 1993. A vella terminal foi utilizada tanto para tráfico estatal como internacional e aviación xeral. O edificio dispón no seu interior de 18.755 metros cadrados útiles e conta cun aparcadoiro de 2.234 prazas situado fronte á terminal. Destaca tamén o seu emprazamento estratéxico, con conexión á AP-9.

Dende o BNG consideramos prioritario que a antiga terminal de Lavacolla reverta en uso público pois é de uso común xeral e atende a un réxime normal das utilizacións colectivas que se rexe polos principios de liberdade, igualdade e gratuidade; principios que deben respectarse sobre a utilización destas dotacións.

É necesario que se trate esta cuestión canto antes a fin de evitar que estas instalacións se deterioren cada vez máis e para que o custe do proxecto non se vaia incrementando ano a ano polo seu abandono. Nada se sabe das verdadeiras intencións de AENA nin de Fomento ao respecto.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago instará a AENA e a Fomento a converter a vella terminal de Lavacolla nun espazo de utilidade de uso público.”

Con data de rexistro do día 14 de febreiro de 2017, número 74, o grupo municipal do Partido Popular presenta emenda de modificación á anterior proposición, que contén a seguinte parte dispositiva:

“O Concello de Santiago instará a AENA e a Fomento a redactar un plan de usos para determinar a utilidade da vella terminal do aeroporto de Lavacolla e arbitrar medidas para lograr unha posta en valor destas instalacións que redunden no interese xeral.”

Rematado o debate, e tras a aceptación da emenda transcrita, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordainstar a AENA e a Fomento a redactar un plan de usos para determinar a utilidade da vella terminal do aeroporto de Lavacolla e arbitrar medidas para lograr unha posta en valor destas instalacións que redunden no interese xeral.

10. DAR CONTA DE SENTENZA 590/2016 (PO 8/16).

Dáse conta da Sentenza 590/2016 recaída en PO 8/16, contra acordo plenario de data 9 de novembro de 2015.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 27 de decembro de 2016 ao 27 de xaneiro de 2017 (núms. 8339-8440 ano 2016, e 1-533 ano 2017).

12. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE.

Vista a solicitude presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 13 de febreiro de 2017, o Pleno da Corporación por unanimidade, dos/as concelleiros/as presentes acepta a comparecencia para a vindeira sesión plenaria ordinaria.

13. COMPARECENCIA DO ALCALDE, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2017.

Comparece o Sr. Alcalde.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGOS:

- 1. Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 49.**
- 2. Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 50.**
- 3. Rexistro de entrada do día 9 de febreiro de 2017, núm. 66.**

PREGUNTA (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 febreiro de 2017, núm. 62.**

PREGUNTAS (Resposta escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 17 de xaneiro de 2017, núm. 31.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 30 de xaneiro de 2017, núm. 37.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 30 de xaneiro de 2017, núm. 38.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 30 de xaneiro de 2017, núm. 39.**
- 5.- Rexistro de entrada do día 30 de xaneiro de 2017, núm. 40.**
- 6.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2017, núm. 43.**
- 7.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2017, núm. 44.**
- 8.- Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2017, núm. 70.**

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 55.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 56.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 57.**

PREGUNTAS (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 58.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 59.**

3.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 60.

4.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 61.

PREGUNTA (Resposta por escrito):

1.- Rexistro de entrada do día 30 de xaneiro de 2016, núm. 36.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA.-

ROGO:

1.- Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 51.

PREGUNTAS (Resposta oral):

1.- Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 52.

2.- Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 53.

3.- Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 54.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas polos grupos municipais, son as que a continuación se transcriben.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 2 de febreiro de 2017, número 42, para o apoio municipal á feira do libro que dende hai 35 anos se ven celebrando na Alameda.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai 35 anos véñense celebrando na Alameda da nosa cidade a Feira do Libro que organiza a Federación de Libreiros de Galicia (FLG) durante algo máis dunha semana entre finais de abril e a primeira quincena de maio.

A Feira contou desde os seus inicios co apoio entusiasta do Concello que se traduciu en facilidades para a súa celebración e unha estreita colaboración, tanto loxística como

económica, sendo conscientes os distintos gobernos do seu importante papel cultural e da súa vinculación coa histórica tradición editorial e literaria da cidade.

A continuidade da Feira mantívose en cuestión durante varias semanas no pasado ano, cando o Goberno de Compostela Aberta decidiu retirarlle a subvención nominativa que se lle viña concedendo á FLG esgrimindo como principal argumento o diagnóstico propio e singular de que “o modelo da Feira vén amosando síntomas de esgotamento” e que o modelo “pode ser revisado”. Sorprende esta valoración do Concello cando unha semana antes o alcalde tiña viaxado á Arxentina para participar na Feira do Libro do país austral, na que Santiago de Compostela era a cidade invitada.

Ante a presión, entre outros deste Grupo, é o Concello quen “revisa” a súa postura e ofrece a actuación da Banda Municipal para a inauguración da Feira e, no canto de concederlle a axuda económica como noutros anos, remite á FLG á optar a unha subvención competitiva convocada polo departamento de Acción Cultural, sabendo que esta alternativa era inviable, porque este tipo de axudas están dirixidas a empresas privadas mentres que a FLG é unha asociación sen ánimo de lucro.

Tendo en conta este nefasto antecedente que puxo en perigo a Feira do Libro do ano pasado, tendo en conta tamén noticias de que o Goberno lle vén dando “largas” ás peticións de atención e apoio que lle chegan en torno desta cita e co convencemento de que unha Feira do Libro é unha actividade de interese público aquí tanto ou máis que en calquera lugar do na fin do mundo, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO:

O Grupo Municipal Popular insta ao correspondente órgano de Goberno municipal a impulsar de forma decidida a colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, en particular no aspecto económico, para garantir a tradicional celebración da Feira do Libro na Alameda de Santiago, entre os meses de abril e maio, coincidindo coas Festas da Ascensión; así como coa Feira do Libro Usado e de Ocasión, tal e como ao longo dos anos veu facendo a Administración Municipal.

2.- Rexistro de entrada do día 14 de febreiro de 2017, núm. 75, sobre a garantía e fortalecemento do sistema público de pensións.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A garantía da sostibilidade do sistema de pensións ten que ser un obxectivo irrenunciable de calquera Goberno, porque as pensións non só son un dereito, senón tamén un indicativo de progreso e unha conquista democrática. Son o eixe do Estado social que se debe manter á marxe de liortas políticas ou de ideoloxías.

Coa finalidade de manter ese sistema fundamental, hai 22 anos (en abril de 1995) aprobouse no Congreso dos Deputados o Pacto de Toledo, un documento que contou co consenso de todas as forzas parlamentarias –e posteriormente tamén dos sindicatos maioritarios do país- para analizar os problemas estruturais do sistema de seguridade social e definir as reformas que deberían acometerse para a súa continuidade ao longo dos anos.

A principal causa do déficit actual da Seguridade Social non está hoxe no plano estrutural, porque as reformas acometidas nos últimos tempos sitúan a España nunha mellor posición para afrontar os retos das pensións a medio e longo prazo. As dificultades do sistema teñen unha causa temporal: proveñen da cantidade de empregos destruídos. Case o 70% do deterioro neto da saúde financeira do sistema durante o período 2009-2013, coincidindo cos peores momentos da crise, debeuse de forma exclusiva á redución de ingresos por cotizacións derivadas da importante redución de emprego.

Aínda que a paulatina creación de emprego e o incremento das cotizacións dos últimos meses –con un incremento interanual do 3,4%- teñen contribuído a iniciar o proceso de estabilización das contas da Seguridade Social, existe unha lóxica preocupación pola continuidade do sistema. E iso a pesar de que as pensións foron ata o de agora garantidas por todos os gobernos e mesmo na actualidade se ten establecido por lei unha constante suba, aínda que moderada. Pero o certo é que o desaxuste entre ese crecemento moderado e o crecemento real do IPC, xunto co feito de que se teña recorrido de forma extraordinaria durante décadas ao fondo de reserva da Seguridade Social, como un instrumento para financiar os desfases entre ingresos e gastos derivados da destrución de emprego, teñen propiciado unha inqueda manifesta sobre o futuro do sistema.

Conscientes desta situación e da necesidade de apoiar medidas para garantir e fortalecer o actual sistema de pensións, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ao Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno do Estado a articular cantas medidas se consideren necesarias no marco do Pacto de Toledo para:

1. Garantir e fortalecer o sistema de pensións, incluíndo, de forma expresa a prohibición dos gobernos para tocar, recortar ou privatizar total ou parcialmente, o Sistema Público de Pensións.
2. Procurar medidas para o mantemento do poder adquisitivo real das pensións, considerando esta cuestión prioritaria na política económica do Goberno do Estado.
3. Promover o máximo consenso posible coas forzas políticas con representación parlamentaria na procura de desenvolver as medidas legislativas que se consideren necesarias para asegurar de cara ao futuro o Sistema Público de Pensións.

EMENDA DO PARTIDO POPULAR Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG “PARA A ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA QUE AÍNDA PERMANECE EN EDIFICIOS PÚBLICOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”, de data 6 de febreiro de 2017.

Proponse a adición dun breve texto na parte final do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

ACORDO:

“O Concello de Santiago iniciará os trámites para retirar escudos, insignias, placas e outros obxectos e mencións conmemorativas de enalzamento da ditadura franquista que aínda permanecen en diversos inmóbeis da cidade, consonte ao disposto no ordenamento xurídico vixente e, en particular, na Lei 52/2007, do 26 de decembro”.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2017, núm. 48, para promover o coñecemento da obra e do compromiso coa lingua, coas mulleres e co país de Rosalía de Castro.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a promover o coñecemento da obra e do compromiso coa lingua, coas mulleres e co país de Rosalía de Castro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2017 cúmprense 180 anos do nacemento de Rosalía de Castro e 100 da estatua situada na alameda de Santiago de Compostela. É un bo motivo para traballar durante este ano para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade. Temos a posibilidade de aproveitar este momento para exhibir o orgullo de

quen somos, o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego e a valentía de describir as discriminación das mulleres e apostar por unha sociedade libre e igualitaria. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o idioma galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa e universal da lingua e da literatura galegas. Ela iniciou o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o comezo da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda cunha obra, que desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente -en especial, das mulleres- e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos.

Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresamos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, e, en definitiva, en que realizamos a nosa contribución á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste Concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra e da figura da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello durante 2017. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, accións como as seguintes:

a) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

b) Visibilizar textos rosalianos a través de pancartas, graffitis, murais...

c) Desenvolver actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

d) Participar activamente nos actos de homenaxe e de reivindicación de Rosalía de Castro que se realicen no concello.

2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan durante 2017 para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

3. Solicitar da Xunta de Galiza mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

2.- Rexistro de entrada do día 8 de febreiro de 2017, núm. 63, relativa aos danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa aos danos causados polos temporais de febreiro e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos. En Santiago de Compostela, as parroquias máis afectadas foron Figueiras, Aríns, Marrozos, Conxo, A Barciela, Cesar e Laraño.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrais, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

2. Avanzar no acordo adoptado no Pleno de xaneiro de 2017 para recadar das empresas eléctricas o importe das taxas correspondentes pola utilización de solo de dominio público para o tendido de baixa, media ou alta tensión instalado.

3. Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar as empresas subministradoras de enerxía a pagar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

3.- Rexistro de entrada do día 9 de febreiro de 2017, núm. 64, para buscar novo emprazamento para que a escola municipal de música poida desenvolver as súas actividades con normalidade.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa a buscar un novo emprazamento para as instalacións para a Escola Municipal de Música.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A senda do CEIP Apóstolo Santiago e a Escola Municipal de Música foi totalmente dispar dende a creación da escola de música hasta hoxe en día. Na escola de música as matriculacións medraban cada ano, até chegar a ter na actualidade máis de catrocentos matriculados/as. A Escola Municipal de Música ten as súas instalacións nunha parte do edificio do colexio que foi desafectado no ano 2001 porque o colexio Apóstolo Santiago viu mermada considerablemente a súa matriculación dende finais dos anos 90.

Nestes últimos anos co empeño da dirección e da ANPA proporcionando unha escola cun modelo de convivencia e de educación de valores para as crianzas, estase a conseguir que o colexio vexa incrementada a súa matrícula. Cun incremento do 114% do alumnado a escola vese co espazo reducido, con aulas preparadas para dez alumnos e que actualmente superan os vinte. Agora mesmo os espazos do centro son insuficientes para acoller unha docencia de calidade.

Na mesma liña está a Escola Municipal Música posto que eles tamén viron incrementado o número de alumnos e o espazo tamén é un problema para eles, posto que contan con varias disciplinas instrumentais e para poder impartir unhas clases de música de calidade deberían contar tamén con mellores infraestruturas.

Despois de poñer en coñecemento desta Corporación todos estes feitos, lévanos á necesidade dunha actuación que devolva o espazo necesario a unha instalación escolar para a que estaba pensada e ademais obríganos a buscar unha solución que ofrezca resposta ás necesidades dos inscritos na Escola Municipal de Música.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago iniciará os trámites para buscar un novo emprazamento para a Escola Municipal de Música para o inicio do curso escolar 2017/2018 e acondicionará as instalacións da actual escola para un novo aulario que preste servizo ó CEIP Apóstolo Santiago.

4.- Rexistro de entrada do día 9 de febreiro de 2017, núm. 65, para participar no programa de recollida de plástico agrícola e evitar a súa incineración e depósito en lugares inadecuados.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á participación de Santiago de Compostela no Programa de Recollida de Plástico Agrícola para evitar a súa incineración e depósito en lugares inadecuados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza xéranse anualmente 7.700 toneladas de plástico agrícola, onde destacan fundamentalmente as bolsas de silo e os invernadoiros, segundo datos da Xunta.

Nos lugares onde non se facilita un punto de recollida, estes materiais adoitan ser incinerados de xeito incontrolado, o que representa un problema de contaminación ambiental, cando non son abandonados en lugares inadecuados, co impacto paisaxístico que supón.

A Xunta dispón dun Programa de Recollida de Plástico Agrícola para facilitarlle a labregos e labregas a xestión axeitada destes elementos, de xeito que depositan os seus plásticos agrícolas no punto indicado por cada concello para a súa recollida e posterior retirada por parte da empresa que xestiona este servizo.

Estes residuos plásticos lixeiros e non perigosos sométense a un proceso mecánico para a súa reciclaxe e utilización como materia prima na fabricación de novos produtos plásticos.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago iniciará os trámites para sumarse a este Programa de Recollida de Plástico Agrícola e realizará unha campaña informativa no rural para facilitar o depósito destes residuos no punto de recollida que se determine.

5.- Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2017, núm. 68, para a eliminación da simboloxía franquista que aínda permanece en edificios públicos de Santiago de Compostela.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á eliminación de simboloxía franquista que aínda permanece en edificios públicos de Santiago de Compostela, anos despois da entrada en vigor da Lei de Memoria Histórica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión de Historia da Gentalha do Pichel fixo un estudo e rexistrou unha petición a este Concello para a recuperación e dignificación da memoria das persoas vítimas de represión, asasinadas, obrigadas ao exilio para salvaren a vida, humilladas e asediadas pola ditadura fascista. Nesta iniciativa, realizaron un inventario de bens onde aínda permanece simboloxía franquista en Santiago e citaban a presenza de escudos na antiga escola de Amio, na Facultade de Químicas, na estación de ferrocarril (tras un panel do logo de ADIF) e en Correos (dentro dunha caixa); símbolos da Vitoria no claustro do mosteiro de San Martiño Pinario, no hotel do mosteiro de San Francisco e no CIFP Politécnico de Santiago; unha cruz e inscrición no mosteiro de Antealtares, unha placa do sindicato da Falanxe nas vivendas sindicais da rúa Canfranc, na Pontepedriña; así como outras en vivendas particulares. A isto engadimos un escudo do Frente de Juventudes na fachada do Auditorio da USC, no campus sur.

O artigo 15.1 da Lei da Memoria Histórica (52/2007, de 26 de decembro) pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra civil e a Ditadura, determina que “as Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra civil e da represión da Ditadura”. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas, en vigor desde o día 28 de decembro de 2007, segundo a disposición final segunda da citada Lei 52/2007.

Así, o feito de que esta simboloxía se sitúe en edificios que non fan parte do patrimonio municipal non exime o Goberno local de realizar as xestións precisas para que a Igrexa católica, Universidade, Correos ou calquera particular eliminen esas pezas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago iniciará os trámites para retirar escudos, insignias, placas e outros obxectos e mencións conmemorativas de enxalzamento da Ditadura franquista que aínda permanecen en diversos inmóbeis da cidade.

6.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2017, núm. 76, en defensa do sistema público de pensións.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia, para o seu debate en Pleno, na defensa do sistema público de pensións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A misión principal dun Estado debe ser a de fortalecer uns servizos e uns sistemas de protección social públicos que garantan ás cidadás e aos cidadáns aqueles dereitos considerados esenciais e unhas condicións de vida dignas, inherentes a súa condición de membros dunha sociedade e de acordo ao recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos. Entre eses dereitos está o dereito universal a unha pensión digna e iso só garante un sistema público de pensións.

Ninguén cuestiona, a estas alturas da historia, a necesidade dun sistema de pensións o que se cuestiona é o carácter público do mesmo. Levan moitos anos, especialmente desde as diversas fundacións de estudos das entidades financeiras, pondo en dúbida a viabilidade do sistema público a necesidade de, cando menos, ir cara a sistemas mixtos. Segundo estes informes o sistema público xa ía ser deficitario nos anos 1995, 2000, 2005, 2010 e agora din no 2050. O que leva ás entidades financeiras a esta suposta preocupación polas pensións futuras e a súa aposta por un sistema complementario de carácter privado, non é a súa sensibilidade nin o seu interese social, son razóns puramente de interese económico. Trátase de amedrentar a poboación para que a súa capacidade de aforro a dirixan aos fondos privados de pensións.

O realmente seguro é o sistema público pois sempre vai ter detrás a garantía do Estado. A favor do sistema público está tamén a súa equidade, o seu carácter redistributivo. A existencia de pensións mínimas e máximas, introduce este efecto redistributivo o sistema que en caso de ser privado desaparecería, xa que a contía das pensións estaría única e exclusivamente ligada ás aportacións do aforrador.

Neste debate interesa desmentir outra grande mentira, insistentemente divulgada, sobre que Galiza ten un déficit entre cotizantes e pensionistas, para afondar na propaganda de que estamos subsidiados. As estatísticas ignoran os 300.000 traballadores emigrados, tamén as empresas con centros de traballo en Galiza e que cotizan e pagan todos os impostos en Madrid. O non ter en conta todos estes feitos, de forma interesada, por parte da Administración do Estado, dos medios de comunicación e do españolismo en xeral, permítelles estar incidindo permanentemente nesa idea de que o cobro das pensións galegas dependen da solidariedade dos demais, cando o que sucede realmente é que Madrid se está a beneficiar deste desenvolvemento desigual, inxusto e colonizador.

Cómpre ter en conta todos estes dados para deixar claro que o sistema público de pensións en Galiza, ou mesmo un sistema público galego, é posíbel, viábel e capaz por si mesmo. Máis por iso cómpre termos todas as competencias legais e normativas necesarias para que, entre outras cousas, sexa en Galiza onde se faga o pago dos impostos e das cotizacións sociais, por ser onde están radicados os centros de traballo, e non sexa posíbel desviar a Madrid, por ser o lugar onde está a sede central das Empresas.

Tamén mencionar que as pensións galegas son máis baixas que as pensións do resto do Estado e que no noso rural atopámonos que é onde máis pensións non contributivas temos. Deste xeito, as pensionistas galegas cobraban a finais de 2015 unha media de 594 euros ao mes, fronte ao 940 euros dos varóns. Nos últimos anos esta fenda en lugar de reducirse aínda se fixo meirande. Se en 2006 a diferenza entre homes e mulleres era de 221 euros, en 2015 era xa de 346.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Defender o sistema público de pensións galego, reivindicando o traspaso a nosa nación da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social previsto no Estatuto de Autonomía.
- 2.- Que se fagan os pagos de todos os impostos e de todas as cotizacións sociais en Galiza, por ser onde están radicados os centros de traballo.

EMENDA DO BNG DE ADICIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DE APOIO Á FEIRA DO LIBRO (Rexistro de entrada do día 16 de febreiro de 2017, núm. 78).

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate en Pleno, a seguinte emenda de adición ao acordo da moción do grupo do PP de apoio municipal á Feira do Libro que desde hai 35 anos se vén celebrando na alameda.

Propón engadir un punto 2 co texto seguinte:

“2. Instar ao correspondente órgano de Goberno municipal a realizar un plan de defensa do sector do libro, estratéxico nunha cidade universitaria e de longa tradición cultural e ameazado por continuos peches de pequenas librarías tradicionais, así como a desenvolver medidas de dinamización da lectura, apoiando todas as iniciativas a este respecto.”

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2017, núm. 71, en apoio á mobilización convocada polas marchas da dignidade prevista para o día 25 de febreiro na Coruña

Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCION**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1-Segundo datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) Galiza é a segunda comunidade autónoma máis envellecida do Estado e Santiago de Compostela ten unha taxa do 20,4% de poboación maior de 64 anos.

Esta poboación envellecida foise empobrecendo progresivamente polo recorte sistemático das súas pensións, o que provoca unha perda de autonomía persoal e acrecenta as necesidades de mantemento dos servizos socio-sanitarios, e unha maior dependencia dos nosos maiores.

Por outra banda, os datos indican que aproximadamente o 38 % das familias dependen dos ingresos dunha pensión para garantir a cobertura de necesidades básicas das súas familias.

2- A modificación lexislativa realizada polo goberno do Partido Popular en 2013 (Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social), desvinculou a actualización das pensións do incremento do IPC e fixou o aumento anual entre o 0,25% e o 0,50%.

Neste contexto, coa actualización dun 0.25% e o incremento do IPC do 3% en xaneiro, a perda de poder adquisitivo estímase para este ano nunha media de 496 euros/ano que afectará sobre todo ás pensións máis baixas. En Galiza a pensión media é de 863,61 euros (datos de decembro de 2015 para persoas residentes en Galicia), sendo a proporción de pensións por baixo do limiar da pobreza do 63%, cifra que está mais de dez puntos por riba da media estatal, e é a maior de todas as comunidades autónomas.

3- Esta situación é aínda máis gravosa no caso das mulleres. Segundo datos do IGE as pensionistas galegas cobraban a finais de 2015 unha media de 726,92 euros ao mes, fronte ao 999,84 euros dos varóns. Segundo as estatísticas oficiais a metade das pensionistas galegas cobra menos de 635 euros ao mes, e ata un 75% pode percibir menos da contía media.

En Santiago de Compostela a pensión media é de 987,11 euros, correspondendo 1.128,16 euros á pensión media de varóns e 857,96 euros á das mulleres, nada menos que un 31,5% menos.

Os datos amosan que as mulleres seguimos sendo máis vulnerables, e evidencian que o problema da fenda nas pensións non é so do sistema de pensións senón, e sobre todo, dos obstáculos que, aínda neste século XXI, atopan as mulleres no mundo laboral.

4- O goberno do PP realizou unha reforma laboral que precarizou as condicións laborais e salariais, baleirou o peto das pensións para pagar xuros de Débeda Pública, e rescatar entidades bancarias, empresa construtoras, grandes concesionarias e aos responsables da súa quebra... mentres se recortan salarios e dereitos como os das pensións públicas.

Pensamos que está en xogo un dereito non só das e dos pensionistas senón tamén da masa traballadora. Se o goberno non busca saídas a esta situación, nos próximos anos pasaremos de ter unha taxa de risco de pobreza moi superior ao 16,61% que temos segundo os datos da taxa AROPE para 2015, e que sen dúbida, xunto co envellecemento, comprometen seriamente o futuro de todas e todos.

Partícipes desta preocupación, as Marchas da Dignidade, un movemento social que en Galiza aglutina a máis de 60 colectivos e organizacións sindicais, culturais, sociais e políticas, convocan unha manifestación o día 25 de febreiro na cidade da Coruña co tema central da defensa das pensións e coas reivindicacións de dereitos sociais resumidas no lema ‘pan, traballo e teito’.

Por todo isto, o grupo municipal de CA presenta para o seu debate e aprobación os seguintes **ACORDOS**:

1- Apoiar a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo 25 de febreiro na cidade da Coruña e facer un chamamento ás veciñas e veciños do noso concello a participar na mesma.

2- Instar ao goberno do Estado para que:

- Garanta a actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.
- As pensións públicas vaian a cargo dos Presupostos Xerais do Estado.
- A pensión mínima sexa de 1080 euros en 14 pagas de acordo co recollido pola Carta Social Europea.
- Se derroguen as reformas das pensións do 2011 e 2013 e se recuperen os dereitos socioeconómicos das persoas pensionistas e a idade de xubilación aos 65 anos.

2.- Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2017, núm. 77, a prol da reivindicación da “Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións”.

Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao pleno para o seu debate e aprobación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estase a dar un importantísimo proceso de deterioración do Sistema Público de Pensións e de perda do poder adquisitivo destas. Estase a vivir unha situación de alarma social polo perigo que corre un dos piares fundamentais da nosa sociedade, un símbolo de progreso e unha conquista democrática, senón que nestes últimos anos de crise económica supuxeron un auténtico colchón para miles de familias. E seguen a selo.

Por todo isto, é necesario reaccionar para protexelas por riba de calquera correlación de forzas políticas, sen importar cal sexa a cor do goberno ou a situación do país. Toda a cidadanía merece que as pensións públicas sexan tratadas como a columna vertebral do Estado social, un dereito que permanece á marxe de calquera disputa política, de diferenzas ideolóxicas ou de proxecto no marco das institucións democráticas.

En abril de 2013 creouse a Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións (MERP), co obxectivo de promover unha reforma da Constitución que inclúa a prohibición expresa de que calquera goberno poida tocar, retocar ou privatizar o Sistema Público de Pensións. Un artigo que recolla como obriga constitucional o mantemento do poder adquisitivo real das pensións e por tanto a imposibilidade de que ningún tipo de medida, xa sexan recortes, subidas de impostos, copagos, aumento de tarifas dos servizos básicos ou calquera outra que poida afectar ás pensións, excepto aquelas que sexan favorables opara elas.

É imprescindible un amplo movemento social que, sen distinción de ideoloxías, credos relixiosos ou siglas partidistas, una os que cremos que a blindaxe constitucional das pensións públicas é unha loita que afecta a toda a cidadanía, por riba de calquera outra diferenza.

Desde esta convicción, a Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións (MERP), chama a promover e impulsar a recollida de sinaturas, o debate, a reflexión e a participación maioritaria da sociedade nun asunto de tan vital transcendencia. A participar activamente en recoller un aluvión de centos de miles, de millóns de sinaturas que evidencien a opinión dunha inmensa maioría ante un asunto de tan vital importancia.

Cobrar unha pensión pública digna é un dereito inquebrantable proclamado pola Constitución Española e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Pensións dignas e suficientes non dependen de nada máis que da vontade política por garantir un dereito básico de toda a cidadanía, aspecto que neste intre está a perigar terriblemente debido a que se está a sacar diñeiro reiteradamente da bolsa das pensións, para dedicalos a outros fins.

Por todo iso, e no marco da legalidade vixente, consideramos necesario ampliar o espírito que xa recolle a Carta Magna, promovendo unha reforma que modifique o artigo que establece a garantía de pensións adecuadas e periodicamente actualizadas no sentido de que se reforce como obriga e mandato constitucional inescusable para os poderes públicos, a prohibición de calquera tipo de privatización e garantir o mantemento do poder adquisitivo real das pensións.

A MERP, está formada por 170 organizacións e 95 personalidades que son un exemplo de pluralidade ideolóxica, política e territorial e de sectores representativos da sociedade, polo que se evidencia o apoio social á iniciativa e aos seus obxectivos. Consideramos importante que o municipalismo participe neste debate, achegue iniciativas e se posicione en algo de tanta transcendencia para o conxunto da cidadanía.

Por todo isto o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para o seu debate e aprobación no Pleno os seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a que sexa atendida a reivindicación da Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións, promovendo unha reforma da Constitución que prohiba expresamente a calquera goberno, actual ou futuro, poder tocar, recortar ou privatizar total ou parcialmente o Sistema Público de Pensións. Un artigo que recolla como obriga constitucional o mantemento do poder adquisitivo real destas.

2.- Dar traslado desta moción ao Goberno do Estado, ao Congreso dos Deputados, á Defensora do Pobo e á Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións (MERP).

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

1.- Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2017, núm. 72, para estudar a posibilidade de redactar o proxecto e a execución da ampliación da rede de saneamento e acometida de auga na rúa das Tornas, na parroquia de Aríns.

Na parroquia de Aríns, coincidindo co goberno progresista, realizáronse obras de saneamento e depuración de augas residuais, que supuxeron un importantísimo investimento para o Concello e redundaron nunha indubidable mellora da calidade ambiental dese ámbito municipal.

As obras comprenderon a construción dunha nova EDAR, así como a instalación dunha rede de saneamento de máis de 33 quilómetros de lonxitude, dotándose do servizo á maioría das vivendas desa parroquia.

Concretamente a rúa Tornas, onde se ubican 7 vivendas unifamiliares, quedou pendente da instalación deste servizo básico por precisar unha ampliación de aproximadamente 200 metros de rede de saneamento.

Nos últimos anos, os/as propietarios/as das vivendas desta rúa presentaron varios escritos solicitando a execución desta pequena obra de ampliación, cun orzamento aproximado de 20.000 euros e que solucionaría a carencia deste servizo básico tan importante e do que xa disfrutaban a meirande parte da veciñanza de Aríns.

O Grupo Municipal Socialista ten constancia de que a última petición presentada no Concello foi en xuño de 2016, pero que a día de hoxe non se lles contestou nada ao respecto, polo que presentamos ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal estude a posibilidade de redactar o proxecto e a execución da ampliación da rede de saneamento e acometida de auga na rúa das Tornas, na parroquia de Aríns, ben con cargo ao orzamento municipal de obras de 2017 ou ben con cargo ao Plan de Acción Social (PAS) 2017 da Deputación.

2.- Rexistro de entrada do día 13 de febreiro de 2017, núm. 73, para modificar as ordenanzas fiscais no referente a taxa por uso de caixeiros de bancos e telefonía móbil.

EXPOSICIÓN

O Tribunal Supremo, nunhasentenza datada o 11 de Febreiro de 2009, a Sala do contencioso-administrativo recoñeceu finalmente a lexitimidade para poder cobrar unha taxa municipal polos caixeiros automáticos instalados nas fachadas das entidades financeiras.

Segundo o fallo do Alto Tribunal, os caixeiros automáticos "constitúenauténticas oficinas de urxencia das entidades financeiras" que ofrecenservizos de forma continua e obteñen o consecuente proveito económico.

A sentenza do Supremo considera que a maior intensidade no uso do espazo público proporciona ás entidades de crédito un beneficio específico e exclusivo que poderá ser gravado con taxas locais. Por tanto, senta asíxurisprudencia para outros procesos abertos entre entidades bancarias e algúnsconcellos.

O TS recoñece que nestes supostos existe unha utilización especial do dominio público que beneficia á entidade financeira, e que xustifica, por tanto, o cobro do devandito importe por parte dos concellos. É unha nova taxa que terán que abonar os bancos e as caixas, senprexuízo para o consumidor, “xa que son os que se enriquecendesautilización do dominio público, e non os usuarios”.

O Alto Tribunal argumenta que se non existise a actividade rueira ao utilizar os caixeiros non existiría tampouco o servizo prestado, cuxodesenvolvemento é trasladado desde o interior da oficina bancaria á vía pública. Ademais, utilízase o dominio público para algo “especial”, ben distinto do uso xeralcolectivo da vía pública.

A fórmula contida na actualOrdenanza fiscal (Taxa polautilización privativa e ou aproveitamento especial do dominio público municipal) reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmoblesconaccesodirecto desde a vía pública do Concello de Santiago de Compostela para o cálculo da contía a satisfacer polos bancos, non estaría a contemplar suficientemente o valor do solo público a diferenza doutros concellos como Barcelona ou LasRozas (na C.A. de Madrid); deixando de percibir o Concello de Santiago os ingresosnecesarios para a prestación dos servizos públicos da súacompetencia coa calidadedebida á cidadanía titular do dereito á prestación dos mesmos.

No referente á Taxa por Utilización Privativa e Aproveitamentos Especiais constituídos no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil (“Taxa polautilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interesexeral”), cando se aprobou a Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, o

lexislador previu que os concellosexaccionaran a taxa do 1,5 por cento dos ingresos brutos obtidos polas empresas que, entre outras actividades, realizan a subministración de telefonía á xeneralidade da veciñanza. Na época de aprobación da LHL, a telefonía utilizada maioritariamente era a recibida a través de teléfonos fixos e o operador case exclusivo era Telefónica, que tributa segundo o disposto na Lei 15/1987.

Esas circunstancias víronse substancialmente modificadas no momento actual, e desde hai algún tempo, xa que non estamos ante un predominio da telefonía fixa, senón que o uso da telefonía móbil superouna amplamente; que Telefónica non opera en réxime de monopolio, senón que existen pluralidade de empresas que operan no sector de telecomunicacións e que prestan servizos de telefonía fixa e telefonía móbil e ademais, que os operadores de telefonía móbil non adoitan ser os propietarios nin os titulares das redes que fisicamente ocupan o dominio público municipal, xa que utilizan as redes de Telefónica.

Ante esta nova situación, se só satisfán a taxa de 1,5 % sobre ingresos brutos as empresas que prestan servizo de telefonía fixa, os concellos están a ver notablemente reducidos os seus ingresos, posto que a telefonía fixa está a ver minorado o seu volume de negocio na mesma medida en que se incrementa o consumo de telefonía móbil.

Neste sentido, o informe da Comisión do Mercado de telecomunicacións que dá resposta ás consultas formuladas por France Telecom España, S. a. e Vodafone España, S. a., expón que “que a conexión entre o usuario e o primeiro elemento de rede (BTS, Nodo B) realízase mediante tecnoloxías sinalámblicas, pero en canto aos equipos que forman parte da rede troncal dun operador móbil, cabe sinalar que polas súas características estes requiren de ligazóns de alta capacidade o que leva que utilicen medios cableados, tipicamente ligazóns de fibra óptica, para conectarse entre eles, semellantes aos que se utilizan nas redes telefónicas fixas. Por tanto, a diferenza do que ocorre na rede de acceso, esta Comisión considera que polo que respecta á rede troncal, os operadores móbiles poderían usar coa mesma intensidade o dominio público local, que os operadores que prestan o servizo telefónico fixo no ámbito da súa rede troncal”.

Nesaliña, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sección Segunda da Sala do contencioso-administrativo, 1150/2016, dispón que a realización do feito imponible da taxa non estaba vinculada exclusivamente á titularidade das redes ou instalacións no dominio público local, senón que era suficiente a existencia dun aproveitamento especial do mesmo servíndose das instalacións ou redes doutros operadores, que para os efectos do aproveitamento ou beneficios derivados da ocupación da vía pública para a prestación do servizo de telefonía de que se trata, non resulta relevante a cualificación urbanística do chan que se ocupa, xa que para os servizos de comunicacións móbiles, a maior

utilidade consiste en poder despregar polo subsolo das vías públicas municipais o cable ou fibra óptica que permita conectar os seus distintos elementos de rede de modo que resulten aptos para prestar os citados servizos de comunicacións, en definitiva, a utilidade derivada do uso dos recursos cedidos non resulta allea ao beneficio ou rendibilidade que obtén o titular do dereito de ocupación, xa que existe unha íntima vinculación entre o beneficio económico e o valor da utilidade que deberefectir o gravame.

Engade a citada sentenza que a determinación do valor de mercado da utilidade derivada do aproveitamento do dominio público local non pode efectuarse en termos matemáticos, absolutamente preciso; só é posible efectualo en termos estimativos ou ponderativos. E a estes efectos o coeficiente que utilizaba o artigo 5 da Ordenanza que fixa a Taxa por Utilización Privativa e Aproveitamentos Especiais constituídos no Solo, Subsolo ou Voo da Vía Pública a favor de Empresas Explotadoras de Servizos de Telefonía Móbil do Concello de Madrid, pode considerarse suficiente. Partía esta de un valor unitario por metro cadrado ocupado, igual para todos os suxeitos obrigados, que se modulaba, a efectos de concretar a utilidade específica que perciben os seus servizos móbiles en relación coa totalidade dos servizos prestados a través do mesmo elemento. En definitiva, o parámetro de que se trata non se aplica directamente sobre a superficie ocupada por cada obrigado tributario, pero si sobre o valor unitario por metro cadrado. Por tanto, trátase, conforme á Lei 51/2002, de disociar a valoración da utilidade derivada das ocupacións por servizos de telecomunicacións distinguindo as telefonías fixa e móbil, sendo necesario cuantificar esta última a través do método xeral do artigo 24.1.a) TRLHL. E, a estes efectos, o reiterado artigo da Ordenanza utilizaba un método indiciario admisible porque a exclusión do réxime especial do artigo 24.1.c) afecta os servizos de móbiles e non aos operadores que os prestan.

Por todo o anterior, o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón ao pleno a seguinte

RESOLUCIÓN:

O pleno insta o equipo de Goberno para que incoe expediente técnico-xurídico que sirva de base para a avaliación da adecuación xurídica e, no seu caso, o inicio do proxecto de modificación parcial das Ordenanzas municipais de: a) Ordenanza número 3.24 “Taxa polautilización privativa e ou aproveitamento especial do dominio público municipal”, no referente ao cálculo da cota tributaria para caixeiros automáticos bancarios (artigo 6.2 letra i); b) Ordenanza número 3.29 “Taxa polautilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil” e Ordenanza número 3.25 (“Taxa polautilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras

de servizos de subministración de interese xeral”), no referente, igualmente ao cálculo da cota tributaria aplicable á telefonía móbil (artigo 5.3 e artigo 5.1, respectivamente).

Pasase agora ao debate das mocións por orde de rexistro de entrada, e das que é declarada a súa urxencia segundo o acordado en Xunta de Portavoces.

* En primeiro lugar, procédese á votación da moción do grupo municipal do Partido Popular, relativa á feira do libro, á que presentou emenda de adición o grupo municipal do BNG e que foi aceptada, polo que o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano de goberno municipal a:

1. Impulsar de forma decidida a colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, en particular no aspecto económico, para garantir a tradicional celebración da Feira do Libro na Alameda de Santiago, entre os meses de abril e maio, coincidindo coas Festas da Ascensión; así como coa Feira do Libro Usado e de Ocasión, tal e como ao longo dos anos veu facendo a Administración Municipal.

2. Realizar un plan de defensa do sector do libro, estratéxico nunha cidade universitaria e de longa tradición cultural e ameazado por continuos peches de pequenas librarías tradicionais, así como a desenvolver medidas de dinamización da lectura, apoiando todas as iniciativas a este respecto.

* A seguinte moción á que se procede ao debate e posterior votación, é a do grupo municipal do BNG, en relación a promover o coñecemento da obra e do compromiso coa lingua, coas mulleres e co país de Rosalía de Castro, o Pleno da Corporación, acorda:

a) Por unanimidade dos/as concelleiros presentes, emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra e da figura da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello durante 2017. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, accións como as seguintes:

- Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

-Visibilizar textos rosalianos a través de pancartas, graffitis, murais, etc.

- Desenvolver actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

- Participar activamente nos actos de homenaxe e de reivindicación de Rosalía de Castro que se realicen no concello.

b) Por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular:

- Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan durante 2017 para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

- Solicitar da Xunta de Galiza mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

* Trás o debate da presente moción do grupo municipal do BNG en relación aos danos causados polos temporais, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda:

1. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

2. Avanzar no acordo adoptado no Pleno de xaneiro de 2017 para recadar das empresas eléctricas o importe das taxas correspondentes pola utilización de solo de dominio público para o tendido de baixa, media ou alta tensión instalado.

3. Instar ao Goberno galego a:

- a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.

- b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar as empresas subministradoras de enerxía a pagar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

* Con respecto á moción do BNG para buscar novo emprazamento para a Escola Municipal de Música e ao non ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e BNG (9 PP e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e PSdeG-PSOE (9 CA e 3 PSdeG-PSOE), acorda iniciar os trámites para buscar un novo emprazamento para a Escola Municipal de Música para o inicio do curso escolar 2017/2018 e acondicionar as instalacións da actual escola para un novo aulario que presente servizo ao CEIP Apóstolo Santiago.

* En relación á moción do grupo municipal do BNG para participar no programa de recollida de plástico agrícola e evitar a súa incineración e depósito en lugares inadecuados, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda iniciar os trámites para sumarse ao programa de recollida de plástico agrícola e realizar unha campaña informativa no rural para facilitar o depósito destes residuos no punto de recollida que se determine.

* No tocante á moción do BNG para a eliminación da simboloxía franquista, e unha vez aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, iniciar os trámites para retirar escudos, insignias, placas e outros obxectos e mencións conmemorativas de enalzamento da ditadura franquista que aínda permanecen en diversos inmobles da cidade, consonte ao disposto no ordenamento xurídico vixente e, en particular, na Lei 52/2007, de 26 de decembro.

* Procédese de seguido ao debate conxunto das mocións relativas ás pensións:

En primeiro lugar votase a moción do grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio á mobilización convocada polas Marchas da Dignidade, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (9 CA e 3 PSdeG-PSOE), 9 votos en contra

correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 2 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do BNG, acorda:

1. Apoiar a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo día 25 de febreiro na cidade da Coruña e facer un chamamento aos/as veciños/as do noso concello a participar na mesma.

2. Instar ao goberno do Estado para que:

- Garanta a actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.
- As pensións públicas vaian a cargo dos Presupostos Xerais do Estado.
- A pensión mínima sexa de 1080 euros en 14 pagas de acordo co recollido pola Carta Social Europea.
- Se derroguen as reformas das pensións do 2011 e 2013 e se recuperen os dereitos socioeconómicos das persoas pensionistas e a idade de xubilación aos 65 anos.

* Seguidamente procédese á votación da moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre o sistema público de pensións, e o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 9 votos en contra dos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta e 5 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, polo que ao producirse empate, procédese a unha segunda votación e co voto de calidade do señor alcalde, queda rexeitada á devandita moción.

*En canto á moción do BNG, en relación ao sistema público de pensións, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA e do BNG (9 CA e 2 BNG), 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do Partido Popular e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Defender o sistema público de pensións galego, reivindicando o traspaso a nosa nación da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social previsto no Estatuto de Autonomía.

2. Que se fagan os pagos de todos os impostos e de todas as cotizacións sociais en Galicia, por ser onde están radicados os centros de traballo.

* A continuación, procédese á votación da moción do grupo municipal de Compostela Aberta, relativa a mesa estatal pro-referendum das pensións, o Pleno da Corporación por 12 a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e PSdeG-PSOE (9 CA e 3 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións

correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego (9 PP e 2 BNG), acorda:

1.- Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a que sexa atendida a reivindicación da Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións, promovendo unha reforma da Constitución que prohiba expresamente a calquera goberno, actual ou futuro, poder tocar, recortar ou privatizar total ou parcialmente o Sistema Público de Pensións. Un artigo que recolla como obriga constitucional o mantemento do poder adquisitivo real destas.

2.- Dar traslado desta moción ao Goberno do Estado, ao Congreso dos Deputados, á Defensora do Pobo e á Mesa Estatal Pro-Referéndum das Pensións (MERP).

* A continuación procédese ao debate e votación da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, para estudar a posibilidade de redactar o proxecto e a execución da ampliación de rede de saneamento e acometida de auga, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, que o goberno municipal estude a posibilidade de redactar o proxecto e a execución da ampliación da rede de saneamento e acometida de auga na rúa das Tornas, na parroquia de Aríns, ben con cargo ao orzamento municipal de obras de 2017 ou ben con cargo ao Plan de Acción Social (PAS) 2017 da Deputación.

*A última das mocións en ser debatida e votada é a do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa a modificar as ordenanzas fiscais no referente á taxa por uso de caixeiros e telefonía móbil, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, instar ao equipo de goberno para que incoe expediente técnico-xurídico que sirva de base para a avaliación da adecuaciónxurídica e, no seu caso, o inicio do proxecto de modificación parcial das Ordenanzas municipais de: a) Ordenanza número 3.24 “Taxa polautilización privativa e ou aproveitamento especial do dominio público municipal”, no referente ao cálculo da cota tributaria para caixeiros automáticos bancarios (artigo 6.2 letra i); b) Ordenanza número 3.29 “Taxa polautilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil” e Ordenanza número 3.25 (“Taxa polautilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral”), no referente, igualmente ao cálculo da cota tributaria aplicable á telefonía móbil (artigo 5.3 e artigo 5.1, respectivamente).

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente de una por finalizada sendo as 22:15 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente, O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo